

MOCIÓN PARA ACONDICIONAR A RUTA DOS MUÍÑOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do establecido na lexislación vixente, a través da súa portavoz Dona María Elena Estévez Freire, presenta para o seu debate e votación no Pleno da Corporación **MOCIÓN PARA ACONDICIONAR A RUTA DOS MUÍÑOS** baseada na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Ruta dos Muíños, recollida na Guía Turística impulsada pola Concellería de Turismo no ano 2010, constitúe un dos elementos máis singulares do municipio a nivel natural, patrimonial, etnográfico e cultural. Tal é así que é unha ruta moi valorada polo turismo, ademais de pola propia veciñanza, que a emprega como lugar de lecer durante todo o ano.

Así, abarca o denominado Val do río Frade, que aparece recollido no Catálogo do PXOM como un ben natural e paisaxístico (N-4), os muíños M-04 a M-19 e M-23 a M-24, e, entre outros, o Lavadoiro-Fonte de río Novo (L-27). Xa que logo, é obvio que o curso do río Bispo, desde o seu nacemento en Ermelo até a súa chegada á área urbana de Bueu, gozou dunha enorme importancia na vida de boa parte da poboación bueuesa, tal e como demostra o traballo realizado hai máis dunha década na restauración dos Muíños de Vilas, da Presa, da Laxe e de Santos, así como pola posta en valor do millo corvo e, por ende, dos muíños e do río por parte da Asociación Cultural Millo Corvo.

Porén, desde hai varios anos, dita ruta atópase nun estado de deterioro grave, con numerosas árbores caídas no medio do sendeiro, así como grandes silveiras. As pontes de madeira sofren tamén un avanzado desgaste, poñendo en risco as persoas que pasan por elas e dificultando enormemente a realización da ruta.

Ademais, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está impulsando a creación dunha senda peonil Trasouto-A Portela, que nace na propia intersección da Ruta dos Muíños co vial autonómico, polo que a veciñanza poderá camiñar con maior seguridade na contorna e achegarse facilmente á ruta, polo que esta tamén se mirará beneficiada.

É preciso que de cara ao bo tempo, que fará que a veciñanza se achegue a espraíarse, e, debido á proximidade da Semana Santa e da tempada estival, o Concello de Bueu acometa unha actuación en profundidade nesta ruta. Posteriormente, o consistorio debe seguir mantén-

doa, ben con persoal propio ou ben con persoal concedido ao ente local. Tórnase nunha opción óptima que o goberno local solicite, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos), a contratación de persoal dentro da Liña 3 (Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais).

Por todo o exposto, o Grupo Municipal presenta ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, os seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.- Instar o goberno local a acometer unha actuación na Ruta dos Muíños de cara á Semana Santa e o verán. Dentro de dita actuación, debe realizarse unha retirada das árbores caídas, a limpeza de toda a ruta, a colocación de sinalización e a restauración das pontes de madeira (de ser posible) ou a súa substitución, incluíndo un sistema de agarre de arame ou doutro material, que permita facilitar o paso e evite que os sendeiristas esvaren.

SEGUNDO.- Instar o goberno local a solicitar persoal a través da Liña 3 do Plan Concellos co obxectivo de seguir realizando o mantemento da ruta durante todo o ano.